

## Concello de Viveiro

**Resolución N.º: 2021-1181**  
**Expediente núm.: 2501/2021**

### PUBLICACIÓN

Publicase para xeral coñecemento dos interesados no proceso selectivo, en virtude do disposto no artigo 45 da Ley 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, Resolución dictada pola Alcaldía en data 12 de maio de 2021, que literalmente dí:

#### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

*D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*

*No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 14 de abril de 2021 N.º 083, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS por vacante, por baixa definitiva do traballador adscrito ao posto de traballo vinculado a esta praza.*

*Vistas as bases xerais, específicas e anexos polas que se establecen as normas para a selección de UN TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS, funcionario interino por vacante do posto (SX2-/011) no Concello de Viveiro. A duración na referida interinidade con cargo a este proceso selectivo establececese ata a cobertura da praza de maneira definitiva a través do correspondente proceso selectivo, ou no seu caso, ata a amortización da praza.*

*Tendo en conta que dito proceso foi iniciado en base a comunicación de aprobación dun proceso de incapacidade permanente do funcionario interino adscrito ao posto (SX2-/011) recibida polo Instituto Nacional da Seguridade social a través da plataforma SILTRA.*

*Tendo en conta que consta remitido ao funcionario interino adscrito ao posto (SX2-/011) comunicación do equipo de valoración de incapacidades da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social, na que se lle comunica a súa incapacidade permanente en grado de total, indicando que se poderá instar á revisión por agravación ou melloría, e establecendo como data de revisión 26 de agosto de 2021, o que conleva a praza convocada non se atope vacante, ao non constar a baixa definitiva do traballador, por atoparse suxeita a incapacidade permanente a revisión.*

#### RESOLVO

*PRIMEIRO.- Desistir do proceso selectivo para o nomeamento de un Técnico de servizos económicos, funcionario interino, en base a comunicación do equipo de valoración de incapacidades da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social, remitida ao funcionario interino adscrito ao posto (SX2-/011), na que se indica suxeita a revisión.*

*SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Mandoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.*

A Alcaldesa

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente á marxe)”

Ante mín, A Secretario Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

María Luz Balsa Rábade

Contra a presente publicación, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

perxuicio de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Secretario Xeral

Asdo.- María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

